

Expediente núm.: 323/2025

Resolución de Alcaldía

Procedemento: Expediente de actividades culturais - Asunto PLAN MADRUGA 2025

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Dentro das actividades programadas pola Consellería de Educación, Igualdade/muller, Xuventude, Lingua e Sanidade do Concello das Neves para o ano 2025 atópase a realización do “PLAN MADRUGA” dentro do programa AS NEVES CONCILIA para as cativas e os cativos do noso Concello.

No marco da política de igualdade de xénero e conciliación da vida laboral e familiar é unha necesidade organizar actividades desta natureza que faciliten a incorporación da muller ao mundo laboral e ao mesmo tempo asegurar que durante o curso escolar os nenos e nenas podan quedar ao coidado nun entorno seguro cando o horario laboral das nais e os pais non coincide co horario escolar.

Por todo isto propónse un recurso educativo que permite aos nenos e nenas escolarizados en infantil e primaria poder estar nun entorno seguro no centro de educación a espera do inicio das clases formais e facer esa espera máis entretenida e divertida a través de actividades lúdicas.

Este Concello solicitou unha subvención para a realización do programa “AS NEVES CONCILIA” durante o ano 2025, ó abeiro da RESOLUCIÓN do 3 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027 (DOG núm. 25 do 6 de febreiro de 2025).

Así mesmo as fontes de financiamento serán participadas pola achega dos usuarios do servizo, recursos propios e todas aquelas subvencións de calquera ámbito ao que se poda acoller, sen prexuízo doutras achegas da administración central ou autonómica que, ao abeiro da normativa vixente, sexan procedentes.

Examinadas as bases da convocatoria do “PLAN MADRUGA” no Concello das Neves, nos termos en que figuran no expediente e de conformidade co artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e estando delegada esta competencia na Xunta de Goberno local,



RESOLVO

PRIMEIRO. Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno local (Decreto de Alcaldía núm. 2023-0228 de data 25/06/2023).

SEGUNDO. Aprobar a convocatoria e as bases para o desenvolto do “PLAN MADRUGA” no Concello das Neves, nos termos en que figuran no expediente.

TERCEIRO. Publicar o texto íntegro das bases reguladoras na sede electrónica deste Concello <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/info>.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

